



Data 14-03-14 13:00:47

Núm. 0 770

Gabinete de Alcaldía

MOCIÓN CONTRA O DESMANTELAMENTO DO 065 DO SERVIZO GALEGO DE TRANSPORTE

ADAPTADO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo Galego de Transporte Adaptado (065), que atende as persoas con discapacidade e dependentes, foi instaurado no goberno bipartito da Xunta de Galiza e constituíu o primeiro transporte adaptado público de todo o Estado español.

A partir do acceso do PP ao goberno da Xunta de Galiza, este servizo básico, bautizado como Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal (065) comezou a sufrir un deterioro constante que ten a súa culminación na decisión da Xunta de deixar de prestar o servizo para o traslado diario ou semanal das persoas dependentes aos centros onde van ser atendidas nas súas terapias.

Este feito, xustificando polo PP con base nunha pretendida racionalización e eficacia, tradúcese simplemente no desmantelamento do servizo do 065, para non atender o desprazamento regular de persoas dependentes nin para garantir a mobilidade das persoas con maiores dificultades. En cambio, non teñen reparo en crear para o Consorcio de Benestar un transporte propio para as persoas usuarias dos seus centros.

Isto é outro paso na eliminación dos programas e servizos de dependencia e benestar que sufrirán novamente as persoas máis débiles, neste caso as que teñen maiores dificultades para se trasladaren e poder recibir atención como consecuencia do seu estado.

Ademais, a decisión do goberno do PP vai provocar unha perda importante de postos de traballo. De feito, o novo concurso para contratar o servizo na comarca de Ferrolterra, en Verín, O Barco de Valdeorras, Vigo e Pontevedra, ficou deserto, o que provoca a suspensión a partir do 8 de marzo de 2014, un proceso que afecta, por exemplo, a 14 traballadoras e traballadores, no caso de Ferrolterra.


Por este motivo os grupos municipais do PSOE, BNG, TEGA e Grupo Mixto solicitan do Pleno da Corporación Municipal á adopción dos seguintes **ACORDOS**

Instar á Xunta de Galiza a:

- 1. Paralizar o desmantelamento do Servizo do transporte adaptado do 065, coa retirada do proxecto de Decreto polo que se regula o Servizo galego de apoio á mobilidade persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes.**

2. Garantir o desprazamento regular das persoas dependentes e a mobilidade das persoas con maiores dificultades, co mantemento do citado Servizo nas condicións nas que se ven prestando na actualidade, isto é, consonte establecido no Decreto 195/2007, de 13 de setembro, e demais disposicións legais que o teñen desenvolvido


Narón, 12 de marzo de 2014




Asdo: Teresa Sabio Rodríguez. 32.619.263-L
Concelleira do Grupo Municipal do BNG.

Asdo: María Rodríguez Porto. 32.664.049-R
Portavoz do Grupo Mixto


P.O



Asdo: Guillermo Sánchez Fojo. 32.616.486-W
Portavoz do GM de TEGA



Asdo: Catalina García Blanco. 32.653.535-K
Portavoz do GM do PSOE



SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NARÓN.